

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA SOBRE A AMPLIACIÓN DOS DESTINATARIOS DO CURSO FC18172 PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO DO PERSOAL ESTATUTARIO

ANTECEDENTES:

1. Mediante Resolución da directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) do 2 de abril de 2018 convocouse o curso FC18172 Procedemento disciplinario do persoal estatutario (DOG núm. 69 do 10 de abril). Na dita resolución delimítanse como destinatarios do curso aos inspectores, médicos, inspectores farmacéuticos e subinspectores sanitarios de dita consellería

2. Con data do 25.04.2018, a directora desta actividade propón a ampliación dos destinatarios do curso para que se inclúa ao persoal de administración e xestión que participa nos expedientes disciplinarios da Consellería de Sanidade.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Única. A base décima da antedita Resolución do 2 de abril de 2018 dispón o seguinte:

“ A EGAP poderá modificar os contidos, o desenvolvemento, as datas e os lugares das actividades formativas, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir. Todas as modificacións que afecten ao desenvolvemento das actividades serán anunciadas na páxina web da escola.”

Con respecto á redacción do epígrafe de destinatarios do curso de referencia, a directora do curso propón a ampliación dos destinatarios do curso para que se inclúa **ao persoal de administración e xestión que participa nos expedientes disciplinarios da Consellería de Sanidade**, ademais dos inspectores, médicos, inspectores farmacéuticos e subinspectores sanitarios de dita consellería, que xa figuraban na resolución de convocatoria. A razón de ser desta ampliación reside en que dirixindo unicamente a actividade formativa a estes últimos non se conseguiría o obxectivo para o que se programou, xa que foi reformulada no seu contido para formar ao persoal de administración e de xestión da Consellería de Sanidade, para o que se propón a ampliación.

Esta modificación non afecta á calidade da formación a impartir.



De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Ampliar os destinatarios do curso FC18172 Procedemento disciplinario do persoal estatutario ao persoal de administración e xestión que participa nos expedientes disciplinarios da Consellería de Sanidade.
2. Publicar na páxina web da EGAP.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018

A directora,

Sonia Rodríguez-Campos